

INFORME

P.E. MONTEAGUDO. ARTEIXO-A LARACHA-CARBALLO. (A CORUÑA)

PROMOTOR: EÓLICOS BREOGÁN S.L.U.

Ref: IN661A 03/03

En relación á consulta realizada pola que se solicita informe relativo ao Estudo de Impacto Ambiental do proxecto referenciado, e de acordo ás competencias da Subdirección Xeral de Residuos, infórmolle que:

1. A lexislación aplicable nesta Comunidade con relación á produción e correcta xestión dos residuos derivados dunha obra destas características, tras a recente publicación da nova norma de residuos nacional, debe ser a seguinte:

- *Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular;*
- *Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia;*
- *Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases;*
- *Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado;*
- *Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos;*
- *Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos;*



- *Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición;*
- *Real Decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais;*
- *Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia;*
- *Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) 2016-2022, aprobado polo Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016.*

Deberá ter en conta a normativa sinalada, con especial atención as novidades propostas nas vixentes Lei 7/2022, de 8 de abril de residuos e solos contaminados para unha economía circular e Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia así como no Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

2. Análise do documento ambiental

O promotor debe ter en conta que no momento de solicitar a licenza de obras, o produtor deberá achegar especificación de cantidades estimadas de residuo á entidade local correspondente (artigo 4.a do *Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*) mediante a elaboración dun plan de xestión de residuos polo encargado da execución da infraestrutura.

Almacenaxe de residuos

Non se localiza graficamente a situación do punto limpo (centro de almacenaxe de residuos) durante a execución da obra nin se especifican as súas características. Deberán sinalarse a localización onde se vai realizar o almacenamento de residuos e describirse a devandita zona incluíndo dimensións, materiais de construción e medidas de recollida e tratamento de posibles



derramos ou efecto do lavado das augas deuvia. **En todo caso as zonas estarán impermeabilizadas para a protección do chan e os residuos estarán protexidos do efecto dauvia.** Especificarán as características (material, volume,..) de cada un dos colectores especificados para cada un dos residuos que estiman producir (a xeración de residuos debe vir acompañada dun almacenamento temporal pola imposibilidade de retirada de cada un deles en tempo real).

De igual forma sinalarán destino das augas que deban ser tratadas pola afectación de derrames ou por lavado de residuos nas zonas de amoreamento.

Cumprirase en todo momento o indicado no artigo 21 da Lei 7/2022, do 8 de abril, acerca das obrigacións do produtor no referido ao almacenamento de residuos. En concreto,

a) Con respecto ao mantemento de residuos almacenados en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres se atopen no seu poder, a maiores do indicado con respecto á identificación dos residuos e o seu almacenamento, deberá especificarse as medidas particulares de control de derramos especiais como por exemplo a existencia dun kit de neutralización de ácidos de baterías ou produtos absorbentes de fugas oleosas.

Os residuos perigosos non deberán ser mesturados entre si nin con outro tipo de residuos e deberán ser xestionados por entidade autorizada.

b) No relativo aos residuos da construción e demolición (RCD):

En todo momento deberá cumprirse o establecido no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Antes do inicio das obras adecuaranse zonas específicas para a instalación de distintos tipos de colectores nos que se fará o almacenamento dos distintos residuos de RCD en condicións de seguridade e hixiene ata o seu envío a xestor autorizado.



Lavado de camiións

Se procede, deberán identificar a zona ou zonas de lavado de camiións coas medidas axeitadas de protección do medio. Deberán especificar o punto de vertido das augas e o método de xestión dos residuos (lodos) precipitados.

Transporte de residuos

Todos os traslados de residuos que se realicen desde o lugar de produción ata as instalacións de xestión deberán ser realizadas por un transportista profesional de residuos inscrito no correspondente Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos.

Todo traslado de residuos deberá cumprir, de cara á verificación da rastrexabilidade na xestión, a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e o Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

Reutilización de residuos

Non poderán facer uso directo de calquera sobrante ou estéril xerado para restauracións fora do propio emprazamento da obra. De ter a intención de empregar terras limpas en actividades de restauración fora da obra, estarán suxeitos á realización dunha comunicación previa ante a xefatura territorial correspondente ao municipio de destino de acordo ao sinalado na Orde APM/1007/2017, de 10 de outubro, sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas a aquelas nas que se xeraron, ou , no caso de RCD – non só terras limpas - , á tramitación da correspondente autorización previa por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

Desmantelamento de equipos

1.- Todo o desmantelamento de aeróxeradores e fustes deberá ser controlado e as pezas amoreadas en zonas onde se protexerá o chan mediante instalacións de recollida e tratamento de calquera posible derrame. A descrición dese área deberá constar no proxecto de execución do desmantelamento. Calquera



elemento que non poda ser vendido como produto de segunda mano, destinarase a xestor autorizado. Deberá prestarse especial atención á xestión dos posibles RAEE xerados durante o desmantelamento.

2.- Nas superficies anteriormente ocupadas por aeroxeradores e gabias non semella que expoñan en todo caso a retirada dos **cableados** nin a das **zapatas de soporte**. En tal caso, a medida de restauración ambiental non sería axeitada dado o alto valor ecolóxico e a contaminación que puidese derivar da ocupación deste material mixto (non inerte) nos solos da área do estudo, polo que, salvo mellor criterio do órgano de avaliación ambiental de proxectos, deberá contemplarse en todo caso a súa retirada.

Santiago de Compostela,

O xefe do servizo de Residuos

Jesús Castro López

(ASINADO DIXITALMENTE)

